

OUTEIRO DA MISA

UNHA PEDRA DE ABALAR NA LAMA

MANUEL ÁNGEL BUGALLO OTERO
& FRAN GARCÍA FERNÁNDEZ



Desde tempos moi remotos, o home sentiu un grande apego ás crenzas naturalistas. Gran parte das civilizacións fixeron uso da sacralidade das pedras. Entender de forma suficientemente precisa como o home prehistórico interpretaba a natureza que o rodeaba antes de poder alcanzar un coñecemento máis racional e científico esixe transcender os elementos físicos que se ven a simple vista, chegando a unha interpretación mental que dependía da cosmovisión de cada cultura.

Atopámonos ante unha "paisaxe sacra", elemento cultural esencial para entender e definir aspectos identitarios, sociais e relixiosos dos habitantes dun territorio. O coñecemento de ritos, mitos, topónimos e outros elementos relacionados, xunto cos estudos científicos, permítenos aproximarnos á reconstrución desta "xeografía sacra".

Galicia pode ser considerada unha gran "pedra granítica" onde se esculpiu durante miles de anos a nosa cultura. Ao longo da súa xeografía atopamos grandes formacións rochosas modeladas pola natureza e cargadas dun simbolismo vencellado a historias, lendas, cultos e ritos.

A litolatría ou culto ás pedras é un trazo moi distintivo da identidade do pobo galego, herdado da tradición celta, que se foi perdendo ata os nosos días. Sobre este aspecto, Taboada Chivite sinala a importancia deste culto no noroeste peninsular e os reiterados intentos desde a Idade Media por parte da Igrexa Católica por erradicar estes costumes. Mostra disto é o canon XXII dos Concilios de Braga I e II, onde se prohibía explicitamente a veneración das pedras:

“

[...] se na parroquia dalgún presbítero os fieis encendesen teas ou desen culto ás árbores, fontes ou penedos, e o presbítero non tratase de arrincar este costume, teña entendido que comete sacrilexio o que o executa e o que exhorta a iso [...].

Existen documentos que confirman a mesma tendencia no resto de Europa, como é o caso dos concilios franceses de Arles (452) e Tours (567), así como a Epístola III aos sardos de Gregorio Magno e os decretos de Carlomagno que buscaban erradicar por completo o culto ás pedras.

O cristianismo, ao igual que con outros cultos pagáns, adaptou a devoción ás pedras aos seus principios e preceptos mediante a superposición das súas festividades, mediante a colocación de cruces ou marcándoas sobre o material pétreo, así como coa construción de ermidas ou santuarios nas inmediacións.

Deste modo, os espazos e elementos foron reutilizados polos cristiáns, convivindo na maioría dos casos símbolos pagáns con cristiáns, como é o caso de varios exemplos que trataremos a continuación.



[O Papa Xoán III convocou e presidiu o Primeiro Concilio de Braga. Retrato de Giovanni Giacomo de' Rossi. 1675] F01



F02 [Stonehenge, Wiltshire, Inglaterra]

O CULTO ÁS PEDRAS

As pedras eran consideradas como símbolo de forza, unidade, inmovilidade, invariabilidade e enerxía para o home primitivo. Ken Dowden, mestre de Historia Antiga e Arqueoloxía da Universidade de Birmingham, no seu libro *“European Paganism: the realities of cult from antiquity to the middle ages”* sinala:

“

[...] as pedras, ao igual que as árbores e os bosques, reclamaban recoñecemento e respecto [...]

A presenza de monumentos megalíticos como dolmens, menhires, cromlechs, etc. ao longo de gran parte de Europa son unha proba da importancia deste culto. Pedras de gran tamaño con características formais e espaciais singulares produto da glaciación ou a erosión eran frecuentemente utilizadas como obxectos ou lugares de culto en todas as rexións do mundo antigo.

O espazo sagrado, na súa orixe, atopaba a súa manifestación en lugares naturais, e non estaba limitado a construcións ou edificios. Os celtas realizaban os seus rituais en lugares como bosques, ríos ou o cumio dunha montaña, que conformaban o lugar de culto ou “nemeton”, onde se producía a unión entre o mundo terreal e o celestial.

Atopámonos ante espazos naturais que representan ideas e crenzas que os trascenden, onde os valores relixiosos precristiáns recoñeceron en determinadas pedras unha particular estrutura de sacralidade, pois son estas unha clara expresión de permanencia e poder eterno. Para o escritor irlandés T. W. Rolleston este culto era sumamente común entre os antigos celtas, que as consideraban un símbolo de fortaleza, resistencia e protección.

A disposición de menhires e bailes en círculos buscaban a captación de enerxía cunha forte vinculación entre a terra e o movemento do sol e da lúa, como é o caso de Stonehenge (Wiltshire, Gran Bretaña). Co paso do tempo, o lugar sagrado evolucionaría cara á construción de templos como morada divina, pero sempre conservando o valor sagrado do sitio.

A “Petra Genetrix” era considerada un gran símbolo de sacralidade e vida no mundo antigo, na busca da fecundidade e a prosperidade. Na antiga Grecia encontramos un mito vinculado á fecundidade das pedras. A historia conta que despois do diluvio e co propósito de repoboar, Deucalión guindou unha serie de pedras, das que ían xurdindo os homes, mentres que a súa esposa Pirra, ao facer o mesmo, deu lugar á aparición das mulleres.

Na “Historia Natural” de Plinio, o autor afirma que “as minas renacían ao cabo do tempo”, e recomendaba o repouso destas para que volvesen crecer os minerais nelas, xa que estes eran considerados fillos da terra e do resto dos elementos –auga, aire e lume–.



F03 [Deucalion & Pyrrha, óleo de Peter Paul Rubens.1636]



F04 [Pedra dos Cadrís" en Muxía]

Un claro exemplo deste tipo de culto en Galicia ten lugar no Monte do Facho en Fisterra. Segundo o escritor beneditino frei Martín Sarmiento, en tal lugar existía unha pedra con poderes fecundizantes denominada "Cama do Santo", á que acudían homes ou mulleres estériles co fin de se curaren. Atopámonos ante un sepulcro antropomorfo de orixe pagá que foi cristianizado coa denominación de sepultura de San Guillermo.

A acción da auga e do vento ocasionou que, co paso do tempo, moitas pedras foran afuracadas ou modeladas, adquirindo infinidade de formas caprichosas, e por causa disto, moitas serían vinculadas a mitos ou lendas con reminiscencias pagás. Famosa entre este tipo de formacións é a "Pedra dos Cadrís" en Muxía, que segundo a tradición, contaba con propiedades curativas. Os romeiros pasaban por debaixo dela nove veces, colocando a cabeza nun oco que se encontra ao pasar.

Os "embade" eran considerados antigos lugares de culto pagán que foron destino de sacrificios, posteriormente cristianizados mediante a colocación ou incisión de cruces ou o levantamento dun cruceiro nas inmediacións. Fray Gumersindo Placer, no seu artigo "Los cruceros", publicado no ano de 1930 na revista *La Merced*, sinala que naqueles puntos da xeografía galega onde existiu unha ara druídica ou romana eliminouse todo ídolo para dar lugar ao levantamento dun cruceiro que sacralizaría o lugar.

A morte encontra unha clara manifestación no culto ás pedras. Os megalitos como elementos funerarios simbolizaron a morada dos mortos, e existen moitas crenzas de que a alma se atopa vinculada ao elemento pétreo. A vinculación entre alma e pedra deu lugar a unha serie de rituais relacionados coa morte, como é o caso da formación de "amilladoiros". Encontrámonos ante unha manifestación claramente pagá que buscaba axudar na consecución da paz eterna a todas aquelas almas que habitan nelas.

A presenza de amilladoiros no cruce de camiños sinálanos claras reminiscencias do mundo pagán celta vinculadas á súa protección fronte os malos espíritos. Na época greco-romana esta agrupación de pedras erixíase en honor a Hermes e Mercurio, divindades protectoras dos pastores, camiñantes e viaxeiros.

Martiño de Braga, bispo, teólogo e escritor eclesiástico galaico da época do Reino Suevo, figura importante nos Concilios I e II de Braga, denuncia na súa obra *De correctione rusticorum* as prácticas alleas ao cristianismo vinculadas ás moreas de pedras:

“

Outro demonio quixo chamarse Mercurio,
que foi un astuto inventor de toda clase de
fraudes, a quen, como deus do lucro, os homes
codiciosos ao pasar polas encrucilladas ofrecían
como sacrificio moreas de pedras que se forman
ao tiralas.

E por último falaremos da temática propia do presente artigo: as pedras de abalar, a través dunha visión máis estendida deste tipo de pedras e a presenza de polo menos unha delas no concello da Lama.

PEDRAS OSCILANTES

As pedras oscilantes atopan a súa orixe natural pola exposición aos efectos da erosión ou como resultado do proceso denominado "bloque errático". Os «erráticos» toman o seu nome da palabra latina "errare", e foron transportados polo xeo dos glaciares, a miúdo a distancias de centos de quilómetros, para despois quedaren depositados cando o xeo fundiu. Nalgúns casos, estudos arqueolóxicos descubriron que moitas destas pedras poderían ser megalitos artificiais.

Trátase de rochas de certa envergadura que se atopan apoiadas nun equilibrio perfecto, e que ante a aplicación dunha pequena forza, ocasionada polo vento ou a acción dunha persoa nalgún dos seus puntos, móvense ou oscilan.

Falar deste tipo de pedras é facer referencia a elementos pétreos cun movemento indicativo dunha determinada calidade. No mundo celta as pedras oscilantes eran empregadas en rituais para transmitir a súa fortaleza e resistencia aos homes, e en gran parte dos pobos do norte peninsular foron vinculadas á crenza do seu poder para presaxiar desgrazas ou acontecementos futuros.

Nas Illas Británicas son coñecidas como "logan stones", tomando o seu nome do verbo "log", que significa oscilar ou abalar en idioma córnico.


A "Logan Stone" de Cornualles é un claro exemplo destas pedras oscilantes. Situada no inaccesible e rochoso bloque granítico de Castle Treryn, a tradición sinala que os habitantes da contorna saían á media noite co fin de tocala nove veces consecutivas, outorgando a protección á persoa que ousara facelo. No ano de 1824, un tenente da armada británica, mozo de nome Goldsmith, decidiu acabar coa lenda, ordenando á tripulación do seu navío que empuxasen a pedra ao mar. O malestar dos nativos foi tan grande que o Almirantado inglés ordenoulle ao oficial que devolvese a pedra ao seu lugar de orixe.

Na rexión de Penwith encontrábase outra "logan stone" que, se era tocada por calquera muller nove veces seguidas á media noite, facía que esta se convertese en meiga. O mesmo acontecía se algunha era capaz de subir á pedra o mesmo número de veces sen causar que a pedra comezase a oscilar.

Na vila de Nancledra, preto de Saint Ives, existía outra pedra oscilante que só podería ser movida a media noite, e subían a ela os nenos que padecían raquitismo para seren curados.

Unha "logan stone" que chegou aos nosos días en bo estado de conservación é a de "Thornworthy Tor", situada cerca de Frenchbeer (Devon), vinculada tamén a prácticas druídicas.

Estudos realizados sobre pedras oscilantes mostran que en Galicia, ao igual que noutras rexións célticas, eran empregadas en prácticas adiviñatorias. Nun pasado non moi lonxano eran utilizadas tamén en xuízos para probar a inocencia ou culpabilidade dos acusados, así como favorecer a fertilidade -principalmente das mulleres-, probar a fidelidade matrimonial ou a culpabilidade dos reos condenados. En todos os casos, o movemento supuña a sentenza positiva, mentres que se a pedra permanecía estanca era indicio de negatividade.



[Logan Stone, Cornwall publicada en "The Mirror". 13 de novembro de 1824] F05



F06 [Empazamento da Logan Stone de Cornualles, dentro do Castle Treryn]



F07 [Logan stone de Thornworthy Tor]

En Galicia, a pedra oscilante máis coñecida é sen dúbida a Pedra de Abalar de Muxía, que forma parte do conxunto pétreo da Virxe da Barca. Segundo a tradición cristiá, o apóstolo Santiago atopábase en terras galegas predicando a palabra da fe cristiá cando viu chegar á Virxe María nunha embarcación de pedra tripulada polos anxos. Ao chegar, foille entregada unha imaxe da propia Virxe que debería de esconder nunha cova próxima entre as pedras, lugar onde séculos despois se levantaría o Santuario da Virxe da Barca.

No lugar antes citado, coñecido como a Punta da Barca (Muxía), podemos atopar un conxunto de rochas con formas que poden evocar as partes da embarcación da Virxe: a vela ou Pedra dos Cadrís -da que falamos con anterioridade-, o temón ou Pedra do Temón, e o casco da nave ou Pedra de Abalar. Encontrámonos ante un novo acto de cristianización dun culto arcaico na zona, vinculado ao culto ás pedras.

Cada ano, durante o domingo seguinte ao 8 de setembro, celébrase a romaría da Barca de Muxía, que congrega a miles de fregueses, que se achegan non só ao Santuario da Virxe, senón a visitar o conxunto de rochas antes citadas, sendo a Pedra de Abalar a que recibe maior número de romeiros. Segundo a tradición, tan só se pode mover se a Virxe así o quere, e desta forma pode ocorrer que un neno o consiga e unha multitude de persoas non o logre. Para Fernando Alonso Romero, excatedrático de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, en certas ocasións a pedra abalou soa, para advertir dun perigo ou catástrofe.

A Pedra de Abalar, en palabras do historiador, etnógrafo e escritor Fermín Bouza-Brey, conta cunhas dimensións de "8,70 metros de lonxitude por 6,91 metros de ancho, e un grosor de 0,30 metros, e presenta unha lixeira inclinación". Para Alonso Romero, ás oscilantes coma as de Muxía adoitan atribuírseles propiedades adiviñatorias, propiciatorias e fecundantes, cousa que confirma a persistencia dos ritos do mundo pagán aproveitados pola fe cristiá.

Para Vicente Risco, a Pedra de Abalar de Muxía cumpre coa súa función adiviñatoria, xa que o movemento constitúe unha resposta afirmativa á pregunta que se lle fai. Tamén cumpre co seu carácter propiciatorio, cando a xente sobe co fin de movela logo da consecución dun favor de man da Virxe.

En canto ás propiedades fecundantes, Taboada Chivite sinala que a Pedra de Abalar tivo esta facultade, como quedou manifesto na realización dun baile ao seu arredor, e confirmada polo dito recollido por Alonso Romero:

“

á Pedra de Abalar van dous e veñen tres

Varios estudos sinalan da existencia doutras pedras oscilantes coma a do Monte de Bustelo (Coristanco), na Ermida da Virxe do Chamorro (Ferrol), a Pedra de Embade (Narón) e a do Coto do Pilar (Melide). Ao parecer, segundo a tradición oral no lugar da Casavella, parroquia de Seixido, no noso concello, contamos cunha pedra oscilante denominada "Outeiro da Misa".



F08 [Pedra Abalar na Punta da Barca, Muxía]

OUTEIRO DA MISA

A primeira noticia que escoitamos sobre a existencia dunha pedra de abalar no concello da Lama tivo lugar en decembro do ano 2019 dentro da xornada cultural "O valor do noso, por un rural vivo" organizada polo Colectivo Cabalar Crecente. Durante a andaina matutina, varios dos veciños desta parroquia comentáronlle ao bo amigo e pioneiro na divulgación do patrimonio etnográfico de Galicia, Xoán Arco da Vella, da existencia dunha pedra oscilante no lugar da Casavella, na parroquia de Seixido.

O lugar da Casavella atópase localizado ao sur da parroquia de Seixido. O historiador e profesor Xosé Carlos Morgarde Martínez, no seu libro, "A Lama. Os nomes dos lugares" sinala:

“

Os topónimos formados a partir da palabra casa son moi frecuentes en Galicia, debido ao tipo de pobamento tan espallado que ten o noso país, inda que en moitos casos soamente facía referencia á existencia dunha chouza.

Neste sentido, o topónimo do núcleo rural non fai alusión á existencia da pedra oscilante.


Como consecuencia do estado de alerta derivado da pandemia mundial ocasionada polo COVID19, tardamos uns meses en poder ir comprobar a veracidade e rigorosidade da posible existencia dunha pedra oscilante no noso territorio. Foi a finais de setembro cando puidemos achegarnos ao lugar da Casavella a canda Xoán Arco da Vella, Fernando Orge de Taboado e os veciños de Cabalar -parroquia de Seixido-, Mercè Alegría, Verena Christine, Miguel Angel Mazas, Ximena Mazas e Luis Seijas.

Ao chegar ao lugar da Casavella dirixímonos cara ao sur pola estrada que leva deica os límites coa parroquia de Xesta. A pouco máis de 400 metros atopámonos cun pequeno descampado que serve como punto de referencia para situar o lugar, avistando ao lonxe o conxunto granítico.

Pouco e pouco, adentrámonos polo mato conformado por fentos e toxos, subindo cara a zona alta da montaña en dirección ao conxunto pétreo, camiñando uns 115 metros aproximadamente por un pequeno vieiro formado polas escorreduras de auga dun manancial situado nas inmediacións. Ao chegar pola cara sur é difícil apreciar se se trata dunha pedra oscilante, xa que a propia configuración do conxunto e a vexetación ocasionan unha difícil lectura do lugar.



[Vista do Outeiro da Misa dende o poñente] F09



F10 [Localización do Outeiro da misa no lugar da Casavella, parroquia de Seixido]

Ao arrodear o conxunto e visualizalo desde a cara norte é cando se aprecia a pedra oscilante. Atopámonos ante un elemento granítico cunhas dimensións aproximadas de 2,85 metros de lonxitude por 2,56 metros de ancho, e un grosor de 1,10 metros, e presenta unha lixeira inclinación cara o oeste, funcionando como fito ou elemento de referencia dentro da paisaxe circundante.

En canto á súa localización, o conxunto domina a paisaxe circundante, e mantén unha conexión visual sobre o núcleo da Casavella e a zona de pastos das inmediacións, deixando clara a vinculación paisaxística. En palabras de Xoán Arco da Vella:

“

Este conxunto de pedras, como moitos outros de Galicia, presenta unha disposición que fai que funcione como un lugar de abrigo ante as inclemencias climatolóxicas e un óptimo espazo para o control do gando

A anterior reflexión deixa patente a reconversión do espazo sacro co paso do tempo, adaptándose a novos usos e costumes. Miguel Ángel –veciño de Cabalar– cóntanos que os veciños do lugar se refiren a esta pedra oscilante co nome de “Outeiro da Misa”, facendo referencia ao son que emitía ao desprazarse, evocando as campás da igrexa.

Atopámonos ante un novo exemplo de sincretismo cultural, onde o elemento pagán perdeu as súas posibles propiedades adiviñatorias, propiciatorias e/ou fecundantes, e o fenómeno do movemento explícase mediante unha toponimia que fai referencia ao culto cara a fe cristiá. A tradición oral que pervive fala de que hai uns anos aínda oscilaba, e eran os rapaces os que máis a usaban, con afán lúdico.

Ao nos aproximar, observamos que o elemento segue apoiado, pero desprazado e encaixado cara o oeste, e que perdeu o seu carácter oscilante.

O amigo e veciño de Laxedo, José Lino Vidal Cendón, coméntanos que en conversacións con Manolo do Pelete, soubo da existencia doutra pedra abaladoira na Serra do Cando, elemento destruído pola construción dun parque de aerogeradores.


A posible existencia de máis pedras oscilantes no noso territorio é unha realidade latente. Moitas delas destruídas pola intervención do home co paso do tempo e moitas outras esperando ser redescubertas.



[Relación do “Outeiro da Misa” coa súa contorna] F11



F12 [Outeiro da Misa visto desde o norte]



F13 [Outeiro da Misa no seu estado primitivo]



[Outeiro da Misa na actualidade] F14



F15 [Lugar de Casavella visto desde el Outeiro da misa]

Por último, Mercè Alegría reflexiona sobre a toponimia da súa aldea, "Cabalar", facendo referencia novamente ao libro "A Lama. Os nomes dos lugares" de Xosé Carlos Morgarde Martínez. O autor sinala:

“

Cabalar é o nome dun pequeno outeiro da parroquia do Seixido á beira do río Verdugo. Este outeiro ten ó descuberto grandes penedos de formas redondeadas que se atopan encabalgadas unhas por ribas doutras de xeito natural.

Esta presenza de pedras superpostas é o que dá orixe ó topónimo, como se constata noutros moitos lugares de Galicia co mesmo nome, no que sempre aparecen penedos encabalgados de xeito natural ou artificial (antas) e que nalgúns casos se conservan en documentos antigos:

“...ad Petram Cabalar”

O culto ás pedras representa un dos elementos que conforman o patrimonio cultural do concello da Lama, e é necesaria a súa divulgación e protección como parte da paisaxe sacra das nosas serras. Neste artigo centrámonos nas pedras oscilantes, coa localización e descrición do Outeiro da Misa.

No libro "Os lugares da memoria. Toponimia da parroquia de Covelo", de José Lino Vidal Cendón, describíense unha serie de outeiros e laxas cargados dun forte simbolismo, postos en valor pola tradición oral recollida na publicación, claro exemplo da riqueza pétrea do noso concello.

BIBLIOGRAFÍA

ALBERRO, M. (2002). *El agua, los árboles, los montes y las piedras en el culto, creencias y mitología de Galicia y las regiones célticas del noroeste atlántico europeo*. Anuario Brigantino. nº 25. Betanzos. P 11-38

ALBERRO, M. (2002). *Características de las antiguas sociedades célticas de Irlanda y su posible utilización para un mejor conocimiento de los pueblos celtas de la Península Ibérica*. Institut of Cornish Studies. University of Exeter. P 99-135

ALONSO ROMERO, F. (1999). *Animas y brujas de Finisterre, Cornualles e Irlanda*. Anuario Brigantino nº 22. Betanzos. P 91-105

ALONSO ROMERO, F. (1991). *Santos e Barcos de pedra. Para unha interpretación da Galicia atlántica*. Edicións Xerais de Galicia . Vigo. P 150

ÁLVAREZ-PEDROSA, J.A. (2016). *El dios que nace de la roca. Aspectos comparativos del mito del nacimiento de Mitra*. Emerita, Revista de Lingüística y Filología Clásica LXXXIV 2. Madrid. P 317-331

FEIJOO ARES, V. (2014). *Las motivaciones de los nombres de las piedras en Galicia. Cultos, ritos y leyendas*. Biblioteca Técnica de Política Lingüística. Els noms en la vida quotidiana. Actes del XIV Congrés Internacional d'ICOS sobre Ciències Onomàstiques. Annex. Secció 6. P 1129-1145

FREÁN CAMPO, A. (2014). *Persistencia en la tradición cultural del noroeste peninsular: una exploración del imaginario popular hacia el pasado*. Universidad de Cantabria. Facultad de Filosofía y Letras. Santander. P 100

HUALDE PASCUAL, C. (1992). *Algunas leyendas líricas y el culto a las piedras en La Coruña*. Boletín da Real Academia Galega. A Coruña. P 22-28

MOGARDE MARTÍNEZ, X.C. (1995). *A Lama. Os nomes dos lugares. Estudio da toponimia*. Colexio Público A Pedreira. P 109.

PLAZA BELTRÁN, M. (2010). *Antecedentes del culto a las cruces de piedra: litolatría*. Revista Folklore. II Época nº343. Valladolid. P 11-18

TABOADA CHIVITE, S. (1980). *O culto das pedras no noroeste Peninsular*. En Ritos y Creencias Gallegas. Sálvora. La Coruña. P 48

VIDAL CENDÓN, J.L. (2019). *Os lugares da memoria. Toponimia da parroquia de Covelo*. BUO ESTUDIO Arquitectura & Paisajismo. Vigo. 29-32

FIGURAS

Portada. Outeiro da misa. Ilustración cortesía dos autores.

F01. The Trustees of the British Museum. Portrait of Pope John III, bust-length slightly to left, with halo, tiara and pallium, within roundel in rectangular frame, the papal arms below. Engraving. . www.britishmuseum.org/collection/image/1613249198. [Consultado: <septembro 2020>]

F02. Rüdiger Nold, Stonehenge in Wiltshire. Fotografía. www.stock.adobe.com/es/images/197605867 [Consultado: <septembro 2020>]

F03. Peter Paul Rubens, Deucalion and Pyrrha, 1636 <https://commons.wikimedia.org/wiki/> [Consultado: <septembro 2020>]

F04. Stanislava, Muxia or Mugia rocky coastal view with Pedra dos Cadris rock on the Way of St. James, Camino de Santiago, Province of A Coruna, Galicia, Spain. Fotografía. www.stock.adobe.com/es/images/281671723 [Consultado: <septembro 2020>]

F05. The Mirror, The Logan Stone, 1824. Ilustración. <https://www.rct.uk/collection/701258/logan-stone-cornwall> [Consultado: <septembro 2020>]

F06. Tim, The cliffs of The Logan Rock Porthcurno Cornwall. Fotografía. www.stock.adobe.com/es/images/362505637 [Consultado: <novembro 2020>]

F07. Cathy Cox, Logan stone at Thornworthy Tor. From the north west Fotografía. <https://commons.wikimedia.org/wiki/> [Consultado: <novembro 2020>]

F04. Stanislava, Muxia or Mugia rocky coastal view with an unidentified pilgrim on the Way of St. James, Province of A Coruna, Galicia, Spain, the lighthouse in the background. Fotografía. www.stock.adobe.com/es/images/282539167 [Consultado: <novembro 2020>]

O resto das imaxes son propiedade dos autores.

EDICIÓN LINGÜÍSTICA

Leopoldo Cañizo Durán